



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. En aplicación do artigo 79 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cal das seguintes materias relativas a ese persoal NON require ser obxecto de negociación?

- A) A regulación da xornada laboral, tempo de traballo e réxime de descansos.
- B) Os plans de ordenación de recursos humanos.
- C) Decisións do servizo de saúde que afecten as súas potestades de organización.
- D) Materias relativas á prevención de riscos laborais.

2. De acordo co artigo 6 da Lei Xeral de Sanidade, as actuacións das administracións públicas estarán orientadas a garantir:

- A) A educación sanitaria para determinados segmentos da poboación.
- B) As accións sanitarias necesarias para a curación das enfermidades e, subsidiariamente, a prevención das mesmas.
- C) A asistencia sanitaria en todos os casos de perda da saúde.
- D) As accións necesarias para fomentar as políticas de integración social.

3. De conformidade coa Lei de Saúde de Galicia, é función do Servizo Galego de Saúde:

- A) A autorización para a creación, modificación, traslado e supresión ou peche de centros, servizos e establecementos sanitarios.
- B) O control sanitario do medio natural e, en especial, o abastecemento e saneamento das augas.
- C) A promoción da docencia e a investigación en ciencias da saúde no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais.
- D) O establecemento das directrices da política de protección da saúde da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. O obxecto da Lei Xeral de Sanidade é:

- A) A regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo o dereito á protección da saúde recoñecido no artigo 45 e concordantes da Constitución Española.
- B) A regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo o dereito á protección da saúde recoñecido no artigo 43 e concordantes da Constitución Española.
- C) A regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo o dereito á saúde recoñecido no artigo 45 e concordantes da Constitución Española.
- D) A regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo o dereito á saúde recoñecido no artigo 43 e concordantes da Constitución Española.

5. Conforme ao Estatuto de Autonomía de Galicia, o Presidente da Xunta de Galicia será responsable politicamente ante:

- A) O Consello da Xunta.
- B) O Parlamento de Galicia.
- C) O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- D) O Consello de Contas.

6. Sinalar cal das seguintes NON é unha resposta correcta en relación coa selección do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- A) A selección efectuarase con carácter xeral polo procedemento de concurso-oposición.
- B) A selección poderá realizarse polo sistema de concurso cando as peculiaridades das tarefas específicas a desenvolver ou o nivel de cualificación requirida o aconsellen.
- C) A selección poderá realizarse a través do sistema de oposición cando resulte máis adecuado en función das características socio-profesionais do colectivo que poida acceder ás probas ou das funcións que estea chamado a desenvolver.
- D) A selección efectuarase a través de oferta pública de emprego, que será publicada non Diario Oficial de Galicia, así como no Boletín Oficial do Estado.

7. O Sistema Público de Saúde de Galicia ordénase territorialmente en:

- A) Áreas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias.
- B) Áreas sanitarias, departamentos sanitarios e zonas sanitarias.
- C) Áreas sanitarias, departamentos sanitarios e distritos sanitarios.
- D) Áreas Sanitarias, distritos sanitarios e centros de saúde.

8. En relación coas comisións de servizo como forma de provisión de prazas e postos do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sinala a resposta correcta:

- A) Teñen carácter definitivo.
- B) Poden optar a elas o persoal estatutario fixo ou interino.
- C) As prazas ocupadas por comisión de servizos deben ofertarse no seguinte proceso de provisión de prazas que sexa convocado.
- D) A persoa que ocupe un posto en comisión de servizos será declarada en excedencia voluntaria na súa praza de orixe.

9. De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, a Xunta de Galicia está constituída polos seguintes membros:

- A) O presidente, vicepresidente ou vicepresidentes, no seu caso, e os conselleiros.
- B) O presidente, vicepresidente, os secretarios e os conselleiros.
- C) O presidente, o vicepresidente, os conselleiros e os demais altos cargos.
- D) O presidente, o vicepresidente, os conselleiros e o presidente do Parlamento.

10. A Lei galega reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, é de aplicación a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na Comunidade Autónoma de Galicia:

- A) Nos centros e establecementos sanitarios públicos ou privados, sexan ou non concertados co Servizo Galego de Saúde.
- B) Nos centros e establecementos sanitarios, públicos ou privados concertados co Servizo Galego de Saúde.
- C) Nos centros e establecementos sanitarios públicos.
- D) Nos centros e establecementos sanitarios que se determinen por decreto do Consello da Xunta de Galicia.

1. O Estatuto de Autonomía de Galicia determina que a iniciativa legislativa corresponde a:

- A) Deputados, Valedor do Pobo e Parlamento de Galicia.
- B) Deputados, conselleiros e senadores.
- C) Parlamento, Xunta de Galicia e municipios.
- D) Deputados, Parlamento e Xunta de Galicia.

2. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, indique cal dos seguintes NON é un dereito do persoal estatutario:

- A) Desempeño efectivo da profesión ou funcións que correspondan ao seu nomeamento.
- B) Formación continuada axeitada á función desempeñada.
- C) Mobilidade voluntaria.
- D) Recalificación profesional.